

Primaria

Ciencias Sociais 1

Programación

Anexo de avaliación

A avaliación debe ir enfocada a mellorar a aprendizaxe dos alumnos; para iso é necesario diversificar as ferramentas e programar tempos e espazos na aula a fin de efectuar a avaliación dos procesos de aprendizaxe.

Propoñemos aquí algunhas ferramentas para a avaliación de desempeños competenciais, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe. Unhas serán para o desenvolvemento común de competencias en todas as áreas; e outras, para a avaliación das aprendizaxes concretas postas en práctica nas distintas materias.

Ferramentas comúns de avaliación competencial

1. Rexistro de observación das actividades cooperativas.
2. Diana de coavaliación sobre os membros do grupo.
3. Rúbrica de expresión oral en diálogo.
4. Autoavaliación do trazo e a escritura.
5. Rúbrica da expresión escrita.
6. Rúbrica de espírito emprendedor e creatividade.
7. Autoavaliación das actividades no libro.
8. Rúbrica dos traballos manuais.
9. Autoavaliación do uso de ferramentas tecnolóxicas e busca de información.

Ferramentas específicas da área de Ciencias Sociais en 1.º de Primaria

1. Autoavaliación das normas de convivencia.
2. Rúbrica para a avaliación da familia e dos amigos.
3. Coavaliación da casa e da rúa.
4. “Antes cría, agora sei” sobre as aldeas, as vilas e as cidades.
5. Rexistro de avaliación dos medios de transporte.
6. Diana avaliativa da auga, do aire e do tempo.
7. Rúbrica para a avaliación do Sol e a paisaxe.
8. Coavaliación da noción de paso do tempo.
9. Rexistro da adquisición de aprendizaxes na tarefa trimestral e/ou actividades de repaso.
10. Guión para o portfolio para a recollida de evidencias de estándares de aprendizaxe.



**Ferramentas
comúns
de avaliación**

1. REXISTRO DE OBSERVACIÓN DAS ACTIVIDADES COOPERATIVAS SI / NON

Alumno	Achega ideas	Respecta a opinión dos seus compañeiros	Mostra interese polo tema	Participa activamente	Axuda aos seus compañeiros
1					
2					
3					
4					
5					
6					
7					
8					
9					
10					
11					
12					
13					
14					
15					
16					
17					
18					
19					
20					
21					
22					
23					
24					
25					
26					
27					
28					
29					
30					

2. DIANA DE COAVALIACIÓN SOBRE OS MEMBROS DO GRUPO


Nomes:

Azul: _____

Verde: _____

Amarelo: _____

Vermello: _____



3. RÚBRICA DE EXPRESIÓN ORAL NO DIÁLOGO

Categoría	4	3	2	1
Quenda de palabra	Respecta a quenda de palabra e achega ideas durante o diálogo.	Respecta a quenda de palabra.	Ás veces interrompe o interlocutor, pero non achega riqueza ao diálogo.	Apenas respecta a quenda de palabra e interrompe o seu interlocutor con achegas fóra de contexto.
Fluidez	Exprésase fluidamente, sen titubos, pausas ou dúbidas.	Ao expresarse, fai algunha pausa para pensar.	Titubea de cando en vez e realiza máis dunha pausa ao expresarse oralmente.	Cústalle facer un discurso fluído. Detense constantemente e fai longas pausas, non parecendo poder empezar a falar de novo.
Riqueza de vocabulario	O vocabulario empregado polo alumno é rico, amplo e variado para a súa idade.	O seu vocabulario é variado, pouco repetitivo e adecuado para a súa idade.	Non mostra moita riqueza de vocabulario, usando algunhas palabras de xeito inadecuado ou non encontrando as que necesita para expresarse nalgúns ocasións.	O seu vocabulario é pobre. Na maioría das ocasións non encontra palabras para expresar o que desexaría dicir.
Discurso	Discurso amplo e sen repeticións.	Discurso amplo, pero repite algunha das ideas expresadas.	O seu discurso é breve, aínda que conciso e non repetitivo.	O seu discurso é moi breve, tan só expresando unha idea de xeito repetitivo.

4. AUTOAVALIACIÓN DO TRAZO E DA ESCRITURA

Alumno: _____

Trimestre / período: _____

1	Escribo textos de varias frases sen axuda.
2	Escribo palabras e frases sen axuda.
3	Copio frases completas.
4	Copio palabras eu soíño.
5	Repaso as letras con coidado.

En cada trimestre pintarás cada chanzo:

- De verde, o que poidas facer soíño.
- De amarelo, o que esteas a aprender, pero necesitas axuda.
- En vermello, o que non podes facer soíño e que mellorarás durante o curso.

Podes gardalo no teu porfolio persoal.

Ao final de curso compararemos os tres trimestres e veremos se aínda debes mellorar algo ou chegaches á parte alta da escaleira.

- Conseguiches todo verde? PARABÉN...!
- Tes algún amarelo? INTÉNTAO DE NOVO!
- Como poderías mellorar?
- Pintaches en vermello? NON TE DESANIMES. SIGUE PRACTICANDO!
- Quen te podería axudar?

5. RÚBRICA DA EXPRESIÓN ESCRITA

	4	3	2	1
Partes do texto	O texto contén todas as partes suxeridas polo profesor: Título, comezo, desenvolvemento e finalización.	Ao texto fáltalle algunha parte esixida polo profesor.	Ao texto fáltanlle dous ou tres partes.	Texto sen elaboración e sen título.
Elementos traballados durante a unidade	No texto o alumno fai referencia ao traballado na unidade, con detalles de cuestións que aprendeu ou que lle chamaron a atención.	O alumno fai referencia ao traballado na unidade sen entrar en demasiados detalles do aprendido.	Só nomea por riba algún aspecto traballado na unidade.	Non nomea o traballado na unidade.
Vocabulario empregado	Vocabulario rico, variado, sen repeticións e con palabras e expresións aprendidas na unidade.	Vocabulario variado e rico, aínda que con poucas palabras aprendidas na unidade.	Vocabulario algo repetitivo e sen palabras novas aprendidas.	O vocabulario empregado é pobre e repetitivo.
Corrección ortográfica	O texto está escrito sen erros ortográficos significativos. Uso correcto das maiúsculas e dos signos de puntuación	Contén algúns erros ortográficos, pero non de maiúsculas ou de signos de puntuación.	Ten algún erro de maiúsculas ou de signos de puntuación.	Non usa as maiúsculas nin os signos de puntuación.


6. RÚBRICA DE ESPÍRITO EMPREENDEDOR E CREATIVIDADE

	4	3	2	1
Imaxina posibilidades ante unha situación ou un problema?	Mostra un pensamento orixinal e intuitivo ante as situacións formuladas, xerando numerosas posibilidades ante elas con facilidade.	Xera posibilidades limitadas pero desde a intuición e con orixinalidade.	Xera posibilidades predicibles e non achega ideas orixinais.	Non imaxina posibilidades ante unha situación ou ante un problema.
É curioso?	Mostra curiosidade polos temas tratados, fai preguntas, busca información, considera cuestións non tratadas ou relacionadas de xeito indirecto coa unidade.	Realiza preguntas e investigacións con temas directamente relacionados co tratado na unidade de xeito habitual.	Só mostra curiosidade en temas que lle resulten especialmente interesantes e de xeito esporádico.	En moi poucas ocasións formula preguntas sobre o que escoita. Non adoita investigar sobre nada se non hai indicación expresa.
Ten unha visión global dos problemas?	Cando aborda un problema, faino de xeito global, tendo en conta o contexto, as repercusións directas e indirectas das posibles solucións...	Aborda os problemas de xeito global pero cos parámetros dun ámbito coñecido.	Ten en conta distintos aspectos á hora de abordar o problema, pero non todos os posibles.	Limítase a afrontar o problema tal como está formulado.
Anticipase ante desafíos e necesidades futuras?	Na execución dun proxecto é capaz de desenvolver unha visión sobre desafíos e necesidades futuras. Tanto no propio proxecto coma nas súas consecuencias.	Mantén unha perspectiva de futuro identificando posibles desafíos e necesidades, pero directamente vinculadas co desenvolvemento do proxecto.	Só nalgúns casos prevé dificultades no proxecto ou na súa aplicación.	Encóntrase con dificultades sempre sen prevelas e non pensa máis alá do momento de finalización do proxecto.

7. AUTOAVALIACIÓN DAS ACTIVIDADES NO LIBRO


Fágoas con boa letra.

Coloreo con coidado.



Respondo acertadamente.

Ordeno as viñetas e as secuencias correctamente.



8. RÚBRICA DOS TRABALLOS MANUAIS

	4	3	2	1
Presentación	Os traballos realízanse con limpeza e coidado pola orde e a estética.	Non están de todo limpos, aínda que mostra coidado pola orde e a limpeza.	Hai manchas, borróns, pero intentou borrar ou solucionar os problemas.	Non se preocupou o máis mínimo por presentar os traballos limpos e coidados.
Creatividade na utilización de material e recursos	Aproveitou todos os materiais e recursos ao seu alcance para a realización dos traballos.	Non utilizou todos os materiais e recursos posibles na realización dos traballos.	Non se preocupou pola utilización dos materiais, pero usou os correctos nalgún caso.	Non aproveitou todas as posibilidades de materiais.
Coidado no recortado	Mostra coidado por realizar os traballos de xeito correcto ao recortar.	Mostra coidado por realizar os traballos e recortar de xeito preciso, pero non sempre o consegue. Ten algunhas dificultades para recortar.	Non mostra demasiado coidado na elaboración dos traballos e non recorta adecuadamente.	Non realiza os traballos con coidado. Non mostra interese por recortar ben os cuños e debuxos en papel.

9. AUTOEVALUCIÓN DO USO DE FERRAMENTAS TECNOLÓXICAS E BUSCA DE INFORMACIÓN

	Fágoo só	Fágoo cun pouco de axuda	Téñenme que axudar moito	Non sei facelo
Acendo o tablet ou o ordenador.				
Entro en Internet.				
Entro nunha páxina para buscar.				
Escribo as palabras que necesito para encontrar información.				
Encontro aquilo que busco e léoo.				
Conto aos meus compañeiros o que encontrei.				

**Ferramentas
específicas
da área**


Ciencias Sociais 1.º

1. AUTOAVALIACIÓN DAS NORMAS DE CONVIVENCIA

0. Mal 1. Regular 2. Ben 3. Moi ben

Escoito con atención os profesores cando falan.

Xogo con todos os meus compañeiros.



Manteño o meu sitio ordenado e colaboro para que o colexio estea limpo.

Respecto as quendas de palabra.

2. RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN DA FAMILIA E OS AMIGOS

	4	3	2	1
A árbore xenealóxica	Coñece as relacións de parentesco e sitúaaas correctamente na árbore xenealóxica.	Coñece as relacións de parentesco, pero ten erros á hora de situalas na árbore xenealóxica.	Ten algún erro coas relacións de parentesco e ten dificultade para situalas na árbore xenealóxica.	Non coñece as relacións de parentesco e non é capaz de situalas nunha árbore xenealóxica.
A súa familia	Coñece os membros da súa familia, noméaos correctamente e represéntaos nun debuxo de xeito coherente.	Coñece os membros da súa familia, pero comete erros á hora de representalos nun debuxo.	Coñece os membros da súa familia, pero ten unha visión distorsionada da súa realidade familiar.	Non coñece a todos os membros da súa familia e ten unha visión distorsionada da súa realidade familiar.
A convivencia en familia	Valora a repartición equitativa das tarefas domésticas e participa activamente nelas.	Valora a repartición de tarefas domésticas, pero non participa nelas a menos que o obriguen ou llo recorden.	Valora a repartición de tarefas domésticas, pero non participa nelas porque cre que non é capaz.	Non valora a repartición de tarefas domésticas e cre que non ten por que participar nelas.
Os amigos	Ten amigos, respéctaos e comparte con eles o seu tempo de xeito adecuado.	Ten amigos, respéctaos e comparte con eles o seu tempo, aínda que discute con eles de cando en vez.	Ten amigos, pero discute habitualmente con eles.	Ten dificultade para establecer amizades.

3. COAVALIACIÓN DA CASA E DA RÚA

O teu grupo: (puntuacións de 1 a 4).

1. Mal	2. Regular	3. Ben	4. Moi ben
---------------	-------------------	---------------	-------------------


Nome do compañeiro	Nomea de forma correcta as partes da casa.	Sabe os nomes do que vemos na rúa.	Comprende as normas básicas de educación viaria.	Coñece os oficios das persoas que coidan a rúa e a nosa seguridade.

4. ANTES CRÍA, AGORA SEI SOBRE AS ALDEAS, AS VILAS E AS CIDADES

Débese encher a parte de «Antes cría» antes de traballar a unidade, e a parte de «Agora sei», despois de traballala.


Antes cría...

Escribe aquí que sabes das aldeas, das vilas e das cidades...



Agora sei...

Escribe o que aprendiches sobre as aldeas, as vilas e as cidades.




6. DIANA AVALIATIVA DA AUGA, O AIRE E O TEMPO

Alumno: _____


Valora a auga e o aire como elementos esenciais para a vida humana.

Constrúe un muíño correctamente.



Distingue os tres estados da auga e utiliza correctamente o vocabulario relacionado.

Comprende o tempo atmosférico e as precipitacións, e domina o seu campo semántico.



7. RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN DO SOL

	4	3	2	1
O Sol	Coñece o Sol como o astro que permite que haxa vida na Terra.	Entende que o Sol é importante, pero non que os seres vivos o necesiten para vivir.	Non cre que o Sol sexa importante, aínda que sabe que os seres vivos o utilizan para as súas funcións vitais.	Non ve o Sol como algo imprescindible nin comprende que os seres vivos o necesiten para vivir.
O momentos do día	Coñece os momentos do día e as súas características, relacionándoos coa rotación da Terra.	Coñece os momentos do día e as súas características, pero non comprende a súa relación co movemento de rotación.	Coñece algúns momentos do día e ten dificultade para relacionalos coas súas características e a súa relación coa rotación terrestre.	Non distingue os momentos do día, nin coñece as súas características.
A rotación da Terra	Comprende que a Terra xira sobre ela mesma, creando o día e a noite.	Comprende que a Terra xira sobre ela mesma, pero non relaciona este movemento co día e a noite.	Sabe que existen o día e a noite, pero non comprende que a Terra xire sobre ela mesma.	Non comprende a rotación da Terra nin a diferenza entre o día e a noite.

8. COAVALIACIÓN DA NOCIÓN DE PASO DO TEMPO

O teu grupo: (puntuacións de 1 a 5, sendo 1 moi pouco e 5 moito, nos aspectos destacados)

Nome: _____

Nome do compañeiro	Realiza os traballos con boa letra e boa presentación.	Utiliza ben o calendario.	Entende as actividades e é capaz de explicalas e axudar aos compañeiros.	Sabe os meses do ano.

9. REXISTRO DA ADQUISICIÓN DE APRENDIZAXES NA TAREFA TRIMESTRAL E/OU ACTIVIDADES DE REPASO

1. Nunca 2. Algunha vez 3. Habitualmente 4. Sempre

Alumnos																
Manexa con corrección os conceptos traballados.																
Aplica os contidos en distintos contextos respondendo ao seu nivel de coñecementos.																
Busca aclaracións no libro antes que preguntar Ao profesor na realización de tarefas trimestrais ou actividades de repaso.																
Pregunta as súas dúbidas a un compañeiro ou ao profesor.																
Realiza correctamente a tarefa encomendada.																
Toma conciencia das súas aprendizaxes na realización da tarefa.																

EN CADA EVIDENCIA

QUE FIXECHES?	COMO O FIXECHES? Indica os pasos seguidos	QUE FOI DOADO?	QUE CHE CUSTOU MÁIS?	COMO PODERÍAS MELLORALO?	QUE APRENDICHES?